

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña



Asunto: *Aprobación definitiva do Estudo de detalle da fachada costeira de Razo (Expte. 2018/X999/001284)*

O Pleno municipal, en sesión extraordinaria que tivo lugar o 2 de marzo de 2020, acordou aprobar definitivamente o estudo de detalle da fachada costeira en Razo, previsto no Plan xeral de ordenación municipal de Carballo. Este ten como obxectivos o axuste das aliñacións e a regulación de criterios compositivos e estéticos non regulados polo planeamento xeral para a recuperación paisaxística do fronte litoral de Arnados, segundo a documentación técnica presentada en data 12 de febreiro de 2020 e asinada polos arquitectos Iria Pérez Miranda (col. 3194 COAG); Miguel Ángel Abad Blanco (col. 1877 COAG); Antonio Deus Álvarez (col. 1875 COAG) e Ignacio Lázaro Quintela (col. 3877 COAG), sendo o promotor o concello de Carballo.

Neste mesmo acordo acordouse, por unha banda, estimar a alegación formulada polo titular da parcela coa referencia catastral 3731901NH2941N0001QW, presentada en data 19 de xullo de 2019 e completada o 14 de agosto de 2019 co número de rexistro de entrada 201900000006738, e por outra banda, desestimar as alegacións formuladas polos titulares das parcelas coas referencias catastrais 3731905NH2941N0001FW e 3631802NH2941N0001FW, presentadas en datas 30 de agosto de 2019 (201900000007005) e 11 de setembro de 2019 (201900000007251), respectivamente.

A normativa, neste caso os “criterios de composición e estética” contidos no apartado II.2 da memoria do estudo de detalle publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e remitirase o documento, debidamente dilixenciado, en formato dixital, á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, aos efectos da súa inscrición no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia, segundo o disposto no artigo 88 da Lei 2/2016 do solo de Galicia e no artigo 212.2 do Regulamento da citada lei.

O que se publica aos efectos da súa vixencia segundo o disposto no artigo 82 da Lei 2/2016 do solo de Galicia.

Achégase certificado do acordo plenario e o documento do plan parcial aprobado definitivamente e dilixenciado.

Carballo, 11 de marzo de 2020 - O Alcalde - Evencio Ferrero Rodríguez